

Materia	Educación dixital 2023/2024	Curso/ Ciclo	3º ESO
Profesora	Gloria Grueiro Noche		

UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none">● Dispositivos dixitais e sistemas operativos.● Creación e edición de imaxe dixital.● Creación e edición de documentos de texto.
2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none">● Creación e edición de de follas de cálculo.● Creación e edición de presentacións dixitais.● Creación e publicación de contidos na rede.
3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none">● Pensamento computacional: programación.● Ética e seguridade dixital.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia/módulo ao alumnado correspondente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A cualificación de cada unha das tres avaliaciós do curso, virá dada pola media ponderada das cualificaciós das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación.

Cálculo da nota final:

Nota final = 35% da 1ª avaliación + 35% da 2ª avaliación + 30% da 3ª avaliación

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

O alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas obxectivas de recuperación no ordenador daquelas unidades didácticas que non superase en cada unha das avaliaciós.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificaciós obtidas e seguindo o procedemento establecido.

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado que curse 4o de ESO pero teña a materia de Educación Dixital de 3o ESO pendente de superar, ao non tela superado no ano anterior deberán de realizar as seguintes actividades :

- Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.
- Faranse tres probas obxectivas parciais no ordenador, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.
- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.
- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.
- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración: media aritmética das probas obxectivas parciais realizadas no ordenador 50% da cualificación e actividades realizadas ao longo do curso 50% da cualificación.
- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba obxectiva final no ordenador en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado, fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.